



CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA, QUE COMPLEMENTE A ANTERIOR BOLSA EXISTENTE DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2024 (CONTRATACIÓN DE 17 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, DE CARÁCTER TEMPORAL E XORNADA COMPLETA POR UN PRAZO DE SEIS MESES E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CUNHA VIXENCIA DE 3 ANOS) E AMPLIADA, A SI MESMO, O 4 DE XUÑO DE 2025 (AMPLIACIÓN DA BOLSA EXISTENTE DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 16/09/2024) DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO INICIAL VIXENTE DE DATA FIN 16/09/2027

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é establecer as condicións de constitución e o procedemento de xestión de **BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA, QUE COMPLEMENTE A ANTERIOR BOLSA EXISTENTE DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2024 (CONTRATACIÓN DE 17 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, DE CARÁCTER TEMPORAL E XORNADA COMPLETA POR UN PRAZO DE SEIS MESES E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CUNHA VIXENCIA DE 3 ANOS) E AMPLIADA, A SI MESMO, O 4 DE XUÑO DE 2025 (AMPLIACIÓN DA BOLSA EXISTENTE DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 16/09/2024) DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO INICIAL VIXENTE DE DATA FIN 16/09/2027** e anunciando a convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín, na páxina web do Concello de Guntín e o Diario El Progreso.

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na “declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2026”, (acordo do Pleno Municipal do 14 de abril de 2026).

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Guntín, área de servizos sociais, e as funcións son as seguintes:

- Atencións domésticas: todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc.
- Atencións persoais: actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar.
- Axuda ás persoas dependentes.

Na duración das posibles contratacións de cada auxiliar respectarase a lexislación vixente. Ao presente concurso será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

A modalidade do contrato será a mesma que a da persoa a que substitúa ou por circunstancias de produción.

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, ou xornada parcial, segundo necesidades do servizo, de luns a domingo.

Retribucións para a xornada de traballo de 40 horas semanais: 1.221 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra e 75 euros de plus de quilometraxe.

TERCEIRO. Definición e finalidade da bolsa.

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.

2. A selección de persoal e creación da Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.

3. A Bolsa está formada por listas ordenadas cada unha delas en función da puntuación obtida no proceso selectivo.

a) A ORDE DE CHAMAMENTO para a contratación: A orde de prelación e chamamento para a cobertura das necesidades de persoal laboral temporal reguladas nestas bases, artículanse de conformidade as seguintes regras de prioridade:

1ª fase: bolsa de emprego Principal (de data 16/09/2024): En primeiro termo, acudirase á bolsa de emprego inicial configurada con data 16 de setembro de 2024, o chamamento dos aspirantes integrados na mesma, seguirase respectando a seguinte orde:

a) Lista 1: aspirantes con formación específica: En primeiro lugar, chamarase aquelas persoas que contén coa titulación específica (Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou titulacións equivalentes ou superiores nas ramas socio-sanitaria) reflectida nas bases requiridas para o posto.

b) Lista 2: aspirantes sen formación específica: Unha vez esgotados os candidatos anteriores, chamarase os demais integrantes de dita bolsa que non posúan formación específica.

2ª fase: Bolsa de emprego de ampliación da Principal, de data 04/06/2025: No caso que a bolsa anterior mencionada se atope esgotada, ou non dispoña de candidatos dispoñibles, procederase a chamar aos aspirantes da bolsa de ampliación aprobada o 4 de xuño de 2025, aplicando idéntico criterio:

a) Lista 1: aspirantes con formación específica: En primeiro lugar, chamarase aquelas persoas que contén coa titulación específica (Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou titulacións equivalentes ou superiores nas ramas socio-sanitaria) reflectida nas bases requiridas para o posto.

b) Lista 2: aspirantes sen formación específica: Unha vez esgotados os candidatos anteriores, chamárase os demais integrantes de dita bolsa que non posúan formación específica.





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

3ª fase: Bolsa de reserva Permanentemente Aberta: Unha vez esgotada integramente as dúas bolsas anteriores (do 16/09/2024 e do 04/06/2025), realizarase o chamamento das persoas aspirantes que formen parte desta nova bolsa de reserva Permanentemente Aberta, seguindo a mesma prioridade que nas fases anteriores:

a) Lista 1: aspirantes con formación específica: En primeiro lugar, chamarase aquelas persoas que contén coa titulación específica (Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou titulacións equivalentes ou superiores nas ramas socio-sanitaria) reflectida nas bases requiridas para o posto.

b) lista 2: aspirantes sen formación específica : Unha vez esgotados os candidatos anteriores, chamarase os demais integrantes de dita bolsa que non posúan formación específica.

4. Debido a las características da bolsa de reserva Permanentemente Aberta, cada vez que un aspirante se inscriba na mesma, o Tribunal Cualificador procederá a súa baremación, ca periodicidade que se indica no punto 5, e situará o novo integrante no lugar que lle corresponda, dentro da Bolsa de Reserva Permanentemente Aberta, atendendo primeiramente ao criterio de posuír ou non formación específica.

5. A incorporación de novos aspirantes non afectará aos contratos temporais que estean vixentes nin a orde de prelación establecida nos supostos da bolsa de emprego xerada no 16/09/2024 nin Bolsa de emprego de ampliación de data 04/06/2025, pero modificará a orde de prelación para os inscritos na Bolsa Permanentemente Aberta.

O tribunal Cualificador reunirse unha vez o mes, para proceder á baremación de todas as novas solicitudes de inscrición que fosen presentadas o longo do mes anterior (no caso de habelas), elaborando a nova lista de chamamento.

6. A renuncia a o posto de traballo ofertado, de xeito inxustifico, suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego na que se atope inscrito , salvo que concorran una das seguintes circunstancias xustificadas:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

7. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.

8. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar “ex profeso” un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houberse constituída unha Bolsa de Emprego.

9. As retribucións a percibir serán as mesmas que as establecidas para as prazas obxecto da presente convocatoria.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

CUARTO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

f) Lista 1: Posuír a titulación ou Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou ter realizado a formación requirida para a súa obtención e ter presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. Titulacións equivalentes ou superiores nas ramas socio-sanitaria.

Lista 2: Poderán presentarse todos aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto ao que se presentan.

g) Estar en posesión do carné de conducir (B) e dispor de vehículo.

h) Posuír o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes para o inicio de constitución da bolsa.

As solicitudes, requirindo formar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de CINCO días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario el Progreso, o Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e a páxina web AOS EFECTOS DE QUE O TRIBUNAL DE VALORACIÓN CONSTITÚA A LISTA PERMANENTE ABERTA.

Para inclusión na Lista 1

A solicitude, Anexo I, deberá ir acompañada por:

a) Fotocopia de DNI.

b) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

c) Titulación a cal da acceso a convocatoria

d) Certificado de celga 1, equivalente ou superior.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

- e) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- h) Fotocopia do carné de conducir.

Para inclusión na Lista 2

A solicitude, Anexo II , deberá ir acompañada por:

- a) Fotocopia de DNI.
- b) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- c) Declaración xurada segundo o anexo IV.
- d) Certificado de celga 1, equivalente ou superior.
- e) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- f) Fotocopia do carné de conducir.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

SEXO Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 2 días, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello, farase constar a causa da exclusión e concederase un prazo de 3 días hábiles para subsanación. Na mesma publicación transcorrido o prazo de subsanación, aprobarase a lista de aspirantes admitidos con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello. No mesmo anuncio farase a citación dos aspirantes para a realización da proba de galego para os candidatos que non acrediten o nivel de galego requirido, sinalando lugar e hora.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 10 días dende a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SÉPTIMO. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente: Dona Marta Corral Moreira (Traballadora Social do Concello de Guntín).
- Suplente de presidente: : Dona María Belén Vázquez Cagide (Administrativa Rexistro-funcionaria do Concello de Taboada).
- Vogal: Dona María Jesús Grandío Río . Laboral Fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.
- Suplente de Vogal: José Manuel Fernández López. Funcionario. Técnico de Xestión do Concello de Taboada.
- Vogal: Don Miguel Basadre Vázquez (personal laboral Fixo do Concello de Guntín).
- Suplente de Vogal: Dona Lorena García Osorio (Técnico Secretaría- funcionaria do Concello de Taboada).
- Vogal: Dona María Isabel Santoalla Cabanas (Administrativa- personal laboral fixo do Concello Guntín.
- Suplente de vogal: Don Eduardo Fernández Arias. Funcionario do Concello de Guntín.
- Secretaria: Nadia Díaz Vázquez. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación Guntín-Guntín.
- Suplente de Secretaria: David Criado Guntín. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor da Agrupación Agolada-Santiso.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

FASE CONCURSO (8 PUNTOS)

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados por os/as aspirantes no momento de presentar a instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL (PUNTUACIÓN MÁXIMA 5 PUNTOS)

- Por cada ano traballado na administración pública (acreditado mediante contrato de traballo que deberá aportar copia e aparecer reflectido na Vidal Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0.20 puntos por mes traballado.
- Por cada ano traballado na empresa privada (acreditado mediante contrato de traballo que deberá aportar copia e aparecer reflectido na Vidal Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0.10 puntos por mes traballado.

FORMACIÓN: (PUNTUACIÓN MAXIMA 3 PUNTOS)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver

- Cursos de máis de 50 horas: 0.50 puntos





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

- Cursos de entre 20-50 horas: 0.20 puntos.
- Cursos de menos de 20 horas: 0.10 puntos

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas de acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0.10 puntos por curso.

Acreditará este punto, mediante a presentación do certificado de profesionalidade ou a través da documentación que acredite a realización da actividade formativa e solicitude do correspondente certificado.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun exercicio , proba de galego, para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude, estar en posesión do certificado Celga 1, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado Celga1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou do galego a castelán, ou ben unha entrevista en Galego.

Este exercicio valorarase como apto ou no apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle o tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENO. Cualificación

Baremaranse en PRIMEIRO LUGAR os méritos dos candidatos que posúan a titulación ou Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou teñan realizado a formación requirida para a súa obtención e teñan presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. Titulacións equivalentes ou superiores nas ramas socio-sanitaria. Cos candidatos deste proceso de selección elaborárase unha primeira lista, LISTA 1, que será pola se empece a facer os chamamentos para contratar.

Baremaranse en SEGUNDO LUGAR aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto ao a que se presentan. Con estes candidatos elaborárase unha segunda lista, LISTA 2, pola que se farán os chamamentos para contratar unha vez que xa non haxa candidatos dispoñibles na primeira.

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 8 puntos.

No caso de empate: Realizarase unha entrevista persoal curricular.

DÉCIMO. Relación de integrantes da bolsa, presentación de documentos.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Concluído o proceso de baremación, elevarase ao órgano competente a proposta de candidatos para a creación da Bolsa Permanentemente Aberta co orde en función da puntuación acadada.

UNDÉCIMO. Novas solicitudes e actualización de méritos.

En calquera momento poderanse presentar solicitudes de admisión para a Bolsa de Emprego Aberta co anexo correspondente e acompañada da documentación que se indica nas presentes bases presentando no Rexistro do Concello de Guntín ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

As persoas integrantes da Bolsa de Emprego Aberta, poderán solicitar actualización de méritos en calquera momento presentando no Rexistro do Concello de Guntín ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015. As solicitudes deberán indicar de forma expresa os méritos cuxa valoración se pretende e a súa acreditación levarase a cabo conforme ao establecido na cláusula oitava.

Nas sucesivas actualizacións de méritos que se soliciten, so se terán en consideración aqueles méritos que se obtiveran con posterioridade a data da presentación inicial de inclusión ou da última solicitude de actualización de méritos.

A inclusión de novas persoas na bolsa permanentemente aberta, así como a modificación da orde de prelación derivada da actualización de méritos e das solicitudes que tiveran entrada no Rexistro de Entrada do Concello de Guntín levarase a cabo polo tribunal Cualificador e reunirse unha vez o mes, para proceder á baremación de todas as novas solicitudes de inscrición que fosen presentadas o longo do mes anterior (no caso de habelas), sen prexuízo de que por necesidades do servizo, e previo a emisión de petición por parte do Traballador/a Social do Concello de Guntín se poida proceder a valoración en calquera momento.

DÉCIMO SEGUNDO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativa mente recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar dende o seguinte día hábil ao da anuncio da convocatoria no BOP de Lugo diante do Alcalde-Presidente. Se transcorrido un mes dende a interposición do recurso non se recibiu resolución expresa do mesmo, terase por desestimado e poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina Web do Concello de Guntín.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro , así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

O presente documento asinase electrónicamente en Guntín.

ANEXO I LISTA 1





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA , QUE COMPLEMENTA A ANTERIOR BOLSA EXISTENTE DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2024 (CONTRATACIÓN DE 17 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, DE CARÁCTER TEMPORAL E XORNADA COMPLETA POR UN PRAZO DE SEIS MESES E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CUNHA VIXENCIA DE 3 ANOS) E AMPLIADA, A SI MESMO, O 4 DE XUÑO DE 2025 (AMPLIACIÓN DA BOLSA EXISTENTE DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 16/09/2024) DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO INICIAL VIXENTE DE DATA FIN 16/09/2027

I.- DATOS DA PRAZA:

DENOMINACIÓN: AUXILIAR SAF LISTA 1

II.- DATOS PERSOAIS.

1. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE INTERESADA					
Nome e apelidos/Razón social					
NIF/NIE/CIF					
Domicilio					
C.P.		Municipio			
Provincia				País	
Teléfono				Móbil	
Enderezo electrónico					

2. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE REPRESENTANTE (soamente cubrir en caso de ser preciso)					
Nome e apelidos /Razón social					
NIF/NIE/CIF					
Domicilio					
C.P.		Municipio			
Provincia				País	
Teléfono				Móbil	
Enderezo electrónico					

3. DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS					
-------------------------------------	--	--	--	--	--





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Os mesmos que os da persoa ou entidade interesada		Os mesmos que os da persoa ou entidade representante	
ESPECIFIQUE CÓMO DESEXA RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS			
De forma telemática (solo para os usuarios dados de alta no Sistema de Notificacións Electrónicas do Concello)			
Por correo postal			

III.- EXPÓN.

EXPOÑO:
Primeiro: Que son coñecedor da convocatoria anunciada no Diario o Progreso, no Taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na paxina Web en relación a CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA, QUE COMPLEMENTE A ANTERIOR BOLSA EXISTENTE DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2024 (CONTRATACIÓN DE 17 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, DE CARÁCTER TEMPORAL E XORNADA COMPLETA POR UN PRAZO DE SEIS MESES E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CUNHA VIXENCIA DE 3 ANOS) E AMPLIADA, A SI MESMO, O 4 DE XUÑO DE 2025 (AMPLIACIÓN DA BOLSA EXISTENTE DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 16/09/2024) DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO INICIAL VIXENTE DE DATA FIN 16/09/2027

IV.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.

DECLARO RESPONSABLEMENTE
Primeiro: Que acepto o contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos bases que rexen o proceso, sen condición ou reserva algunha
Segundo: que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:
<ul style="list-style-type: none">• Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.• Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.• Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou ter realizado a formación requirida para a súa obtención e ter presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.• Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.• Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.• Carné de conducir (B).• Dispor de vehículo para desprazamentos relacionados co posto de traballo.
Segundo: Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo da





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

Administracións Públicas.

V.- SOLICITA.

1. SOLICITA

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin da inclusión na bolsa á presente solicitude.

2. DOCUMENTACIÓN QUE APORTA

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento análogo.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou equivalente tal e como se indica nas bases.
- Fotocopia do carné de conducir
- Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso).
- Acreditación de méritos:
 -
 -

VI.- PROTECCIÓN DE DATOS.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable	Concello de Guntín
Finalidade	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos conferido ao responsable do tratamento: artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
Lexitimación	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D. L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e normas análogas
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.
Dereitos	De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.
Información adicional	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

ligazón:
<https://www.aepd.es/>

DATA E SINATURA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

ANEXO II LISTA 2

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA , QUE COMPLEMENTA A ANTERIOR BOLSA EXISTENTE DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2024 (CONTRATACIÓN DE 17 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, DE CARÁCTER TEMPORAL E XORNADA COMPLETA POR UN PRAZO DE SEIS MESES E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CUNHA VIXENCIA DE 3 ANOS) E AMPLIADA, A SI MESMO, O 4 DE XUÑO DE 2025 (AMPLIACIÓN DA BOLSA EXISTENTE DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 16/09/2024) DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO INICIAL VIXENTE DE DATA FIN 16/09/2027

I.- DATOS DA PRAZA:

DENOMINACIÓN: AUXILIAR SAF LISTA 2

II.- DATOS PERSOAIS.

1. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE INTERESADA			
Nome e apelidos/Razón social			
NIF/NIE/CIF			
Domicilio			
C.P.		Municipio	
Provincia		País	
Teléfono		Móbil	
Enderezo electrónico			

2. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE REPRESENTANTE (soamente cubrir en caso de ser preciso)			
Nome e apelidos /Razón social			
NIF/NIE/CIF			
Domicilio			
C.P.		Municipio	
Provincia		País	
Teléfono		Móbil	
Enderezo electrónico			

3. DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Os mesmos que os da persoa ou entidade interesada		Os mesmos que os da persoa ou entidade representante	
ESPECIFIQUE CÓMO DESEXA RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS			





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

De forma telemática (solo para os usuarios dados de alta no Sistema de Notificacións Electrónicas do Concello)	
Por correo postal	

III.- EXPÓN.

EXPOÑO:
Primeiro: Que son coñecedor da convocatoria anunciada no Diario o Progreso, no Taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na paxina Web en relación a CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA, QUE COMPLEMENTE A ANTERIOR BOLSA EXISTENTE DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2024 (CONTRATACIÓN DE 17 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, DE CARÁCTER TEMPORAL E XORNADA COMPLETA POR UN PRAZO DE SEIS MESES E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO CUNHA VIXENCIA DE 3 ANOS) E AMPLIADA, A SI MESMO, O 4 DE XUÑO DE 2025 (AMPLIACIÓN DA BOLSA EXISTENTE DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 16/09/2024) DE DURACIÓN MÁXIMA ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO INICIAL VIXENTE DE DATA FIN 16/09/2027

IV.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.

DECLARO RESPONSABLEMENTE
Primeiro: Que acepto o contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos bases que rexen o proceso, sen condición ou reserva algunha
Segundo: que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:
<ul style="list-style-type: none">• Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.• Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.• TER EXPERIENCIA NAS LABORES PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO.• Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.• Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.• Carné de conducir (B).• Dispor de vehículo para desprazamentos relacionados co posto de traballo.
Segundo: Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

V.- SOLICITA.

1. SOLICITA
Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin da inclusión na bolsa á presente solicitude.





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

2. DOCUMENTACIÓN QUE APORTA

- *Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento análogo.*
- *Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.*
- *Declaración xurada segundo o Anexo IV.*
- *Fotocopia do carné de conducir*
- *Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso).*
- *Acreditación de méritos:*
 -
 -

VI.- PROTECCIÓN DE DATOS.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

<i>Responsable</i>	<i>Concello de Guntín</i>
<i>Finalidade</i>	<i>Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos conferido ao responsable do tratamento: artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.</i>
<i>Lexitimación</i>	<i>A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D. L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e normas análogas</i>
<i>Destinatarios</i>	<i>Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.</i>
<i>Dereitos</i>	<i>De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.</i>
<i>Información adicional</i>	<i>Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón: https://www.aepd.es/</i>

DATA E SINATURA

--





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

